

## **SOLUCIONARIO. TRANSPORTES.**

### **Ex.1. Emparella cada imaxe co nome correspondente**

Cepelín (ou dirixible)

Zorra

Funicular

Sidecar

Dorna

Tándem

Tranvía

Globo

Góndola

Helicóptero

### **Ex.2. De que falamos?**

Cepelín: Usouse principalmente entre 1900 e 1930, ata que as súas capacidades foron superadas pola dos aeroplanos; ademais, sufrira varios accidentes, o máis coñecido foi o incendio do Hindenburg, no que morreron trinta e seis persoas.

Carroza: A partir do S.XII, volveu retornar o seu carácter de luxo, converteuse nun símbolo do poder económico e posición social, poñéndose de moda entre as princesas, que as cubrían de veludo e adornos de ouro e prata. No conto da Cincenta ten un papel importante.

Metro: O de Moscú, tamén chamado “palacio subterráneo”, é o máis utilizado do mundo; cada día úsano máis de nove millóns de persoas.

Carabela: Embarcación usada por Colón no descubrimento de América; nos anos posteriores, foi caendo en desuso a medida que foron aparecendo novos tipos de embarcacións.

Baleeiro: O “Essex” era unha embarcación deste tipo, coñecida por ser atacada e afundida por un cachalote no Océano Pacífico en 1820. O incidente foi unha inspiración para a novela, de 1851, Moby-Dick, de Herman Melville.

### **Ex. 3. Deberás atopar o nome de dez medios de transporte**

Camioneta, teleférico, crebaxeos, iate, galeón, bergantín, hidroavión, submarino, buque, tractor

### **Exercicio 4.**

**Fíxate ben nas imaxes e une os medios de transporte da esquerda, cos seus correspondentes máis antigos.**

Non require solucionario

### **Exercicio 5**

**Sinala, na imaxe, as partes da bicicleta indicadas.**

Sela, guiador, cadea, pedal, amortecedor/suspensión, raio, lamia, roda

### **Exercicio 6**

**Imos agora coas partes do carro.**

Ferraxe, chedeiro, camba, cambón, fungueiro, cabezalla, chavella, cheda

### **Exercicio 7**

**Relaciona as seguintes imaxes cos lugares onde son típicos os transportes que aparecen nelas.**

Coches: Cuba

Góndola: Venecia

Taxis amarelos: Nova Iorque

Autobuses vermellos e taxi negro: Londres

Tranvía: San Francisco

Bicicletas: Holanda

Motos: Vietnam